



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación  
Profesional e Innovación Educativa

Educación secundaria  
para persoas adultas



# Ámbito da comunicación

Educación a distancia semipresencial

Módulo 2

Unidade didáctica 8

**A descrición**

# Índice

---

<b>1.</b>	<b>Introdución.....</b>	<b>4</b>
1.1	Descrición da unidade didáctica .....	4
<b>2.</b>	<b>Secuencia de contidos e actividades en lingua galega .....</b>	<b>5</b>
□	Comunicación oral .....	5
2.1	 <i>Good night, mon ami</i> .....	5
□	Comunicación escrita.....	6
2.2	A cohesión (aspectos teóricos) .....	6
2.3	 <i>A pascua de Kamil Moravék</i> .....	7
2.4	Presentación de textos escritos en soporte impreso e dixital (aspectos teóricos) .....	8
□	Coñecemento da lingua .....	11
2.5	Normas ortográficas: uso do <i>h</i> .....	11
2.6	A formación de palabras. Composición e derivación (aspectos teóricos).....	13
2.7	 <i>No lugar equivocado no momento xusto</i> .....	15
2.8	Funcionamento sintáctico do verbo. Suxeito e complementos (aspectos teóricos) .....	17
2.9	Amor dos quince anos, Marilyn .....	19
□	Lingua e sociedade.....	21
2.10	Cine e literatura .....	21
□	Educación literaria .....	22
2.11	A descrición. Os textos descritivos (aspectos teóricos).....	22
2.12	 <i>O río Tins</i> .....	23
2.13	Elementos fundamentais do relato literario (aspectos teóricos) .....	25
2.14	 <i>A serea grega</i> .....	26
<b>3.</b>	<b>Contenidos y actividades en lengua castellana .....</b>	<b>27</b>
□	Comunicación oral .....	27
3.1	 <i>A libro abierto</i> .....	27
□	Comunicación escrita.....	28
3.2	 <i>El hereje</i> .....	28
□	Conocimiento de la lengua .....	29
3.3	Normas ortográficas: uso de <i>h</i> (aspectos teóricos) .....	29
3.4	La formación de palabras en castellano (aspectos teóricos).....	30
3.5	 <i>La salud a una llamada</i> .....	32
3.6	Funcionamiento sintáctico del verbo en castellano. Sujeto y complementos (aspectos teóricos).....	34
□	Lengua y sociedad.....	36
3.7	 <i>Cine y literatura: La lengua de las mariposas</i> .....	36
□	Educación literaria .....	38
3.8	La descripción .....	38
3.9	 <i>La nave blanca</i> .....	38
3.10	Elementos fundamentales del relato literario (aspectos teóricos).....	41
<b>4.</b>	<b>Resumo de contidos .....</b>	<b>43</b>
4.1	Contidos en lingua galega .....	43
4.2	Contenidos en lengua castellana .....	45

<b>5.</b>	<b>Exercicios de autoavaliación .....</b>	<b>46</b>
<b>6.</b>	<b>Solucionarios.....</b>	<b>51</b>
6.1	Solucións das actividades en lingua galega.....	51
6.2	Soluciones a las actividades en lengua castellana.....	55
6.3	Solucións dos exercicios de autoavaliación .....	60
<b>7.</b>	<b>Bibliografía e recursos.....</b>	<b>64</b>

# 1. Introducción

---

## 1.1 Descripción da unidade didáctica

Esta unidade denomínase *A descripción*. É recomendable que diariamente traballe con ela entre unha e dúas horas.

- Ademais, debe ter en conta as seguintes cuestións:
  - A unidade contén textos e exercicios en galego e castelán, separados en dúas partes ben diferenciadas. Ambas as linguas, xunto coa estranxeira, intégranse no ámbito da comunicación.
  - A unidade consta de dous tipos de textos ou contidos: uns que levan a etiqueta de "aspectos teóricos", que son os que debe comprender e memorizar, e outros que carecen desa etiqueta, que son os que debe ler, comprender e comentar (aparecen precedidos do símbolo .
  - Os contidos e exercicios van clasificados en bloques ou partes, relacionados con distintos aspectos do estudo da lingua: comunicación oral, comunicación escrita, coñecemento da lingua, lingua e sociedade e educación literaria.
- Logo de rematada a unidade deberá ser capaz de:
  - Valorar a importancia da lingua oral como xeito de comunicación universal.
  - Identificar nun texto descriptivo as características que o definen como tal.
  - Compor textos facendo descrições físicas e psicolóxicas de personaxes.
  - Compor enunciados e textos cunha cohesión adecuada.
  - Coidar a presentación formal de traballos e textos escritos, en soporte impreso e dixital.
  - Identificar e recoñecer familias de palabras regulares e irregulares en ambas as linguas.
  - Saber a función sintáctica da clase de palabra *verbo* nas dúas linguas do ámbito.
  - Recoñecer o suxeito, o predicado e os complementos da oración nas linguas do ámbito.
  - Manexar unha terminoloxía sintáctica básica.
  - Identificar os elementos fundamentais do relato literario.
  - Recoñecer algunhas das transformacións necesarias cando se adaptan textos narrativos para convertelos en guións de obras audiovisuais.

## 2. Secuencia de contidos e actividades en lingua galega

---

### Comunicación oral

---

#### 2.1 *Good night, mon ami*

Se ten acceso a internet, vexa a curtametraxe titulada *Good night, mon ami* no seguinte enderezo:

- [<http://www.cmg.xunta.es/visor/dspace.asp?TIPO=VIDEO&COD=674>]

#### Actividades propostas

- S1. Logo de ver a curtametraxe responda ás seguintes cuestións:
- Cal é o tema principal?
  - Cantos personaxes interveñen e que idiomas falan?
  - Como se decatan de que todos son galegos?
  - Por que a curtametraxe se titula *Good night, mon ami*? Razoe a resposta.



### 2.2 A cohesión (aspectos teóricos)

Para construírmos un texto adecuadamente unha das características que debemos cumprir é a cohesión lingüística.

#### Elementos de cohesión máis utilizados

- **Pronomes:** permítenos referirnos a alguén ou algo que xa foi nomeado sen repetilo. Por exemplo, *Antía é moi boa estudante. Ela sempre aproba todo.*
- **Cohesión léxica:** é o tipo de cohesión conseguida a través da escolla do léxico. É o feito de utilizarmos nun texto as palabras adecuadas ao tema do que se fale. É dicir, se falamos de libros, empregaremos un campo semántico relacionado con ese tema, repetindo palabras, utilizando sinónimos ou hiperónimos. Exemplos:
  - *O avó deulle vinte euros ao neto para comprar un libro. Mais o rapaz gastounos en lambonadas.*
  - *Había un cogomelo moi grande debaixo daquel castiñeiro. A rapariga arrincou o fungo con coidado e levouno para a casa.*

#### Outros procedementos para compor textos con cohesión adecuada

- **Inserción de expresións explicativas:** este tipo de explicacións aclara un ou varios conceptos aos que xa se fixo referencia con anterioridade noutra parte do texto. Póden-se dar de dous xeitos. Preste atención aos exemplos:
  - El non estudou nada, é dicir, vai suspender o exame (suspender o exame é consecuencia de non estudar).*
  - El é músico, é dicir, toca un instrumento (aclárase o que é ser músico).*
- **Uso do xerundio:** nun texto o xerundio pode achegar diferentes valores segundo como se empregue (darlle énfase ao dito, prolongar unha acción no tempo, etc.). Exemplos:
  - *Débese ao celo da Autoridade, quen tendo como ten unha tenda no lugar...*
  - *Sendo galego non debo ser máis que galeguista.*
  - *–Non me amoles, vale, fixen o que puíden. –Sendo así...*
  - *Andando xa.*
- **Uso do participio:** igual que co xerundio, o participio pode adquirir diferentes valores dependendo de como se use. Fíxese nos exemplos (valor expresivo, intensificador...):
  - *Perdidos un polo outro...*
  - *Ou sexa o troco da carga cargada e virada.*
  - *Como era así do meu corpo, caín na tentación de a pór. Pensado e feito.*
  - *Cando Pedriño saíu do leito parecía un longueirón: chuchado, esgumiado, ...*

## 2.3 *A pascua de Kamil Moravék*

Kamil Moravék era máis ben unha persoa introvertida. Afastábase da sociedade pero cando podía, axudaba aos demais. Unha vez incluso namorou. Dunha loura. Ao principio baixaba os ollos diante dela pero, máis tarde, esa timidez desapareceu e as cousas entre eles chegaron ata tal punto que lle mercou caramelos. Quixo darlle o seu regalo, mais non foi capaz de xuntar folgos e só puido tatear que facía fresco. Logo, el só, foinos comendo, pero facíanselle amargos na boca e por iso botou o resto ao sumidoiro. Como era sensible, a partir de entón só mercou bombóns.

Durante algún tempo, namorouse de Kamil Moravék a loura que vivía enfronte. Amosáballe o seu agarimo e fíxolle perder a cabeza. Un día tentou apertalo pero Kamil ceibouse dela, fuxiu á súa casa, pechouse e tirou dos pelos porque a loura de enfronte gustáballe moito.

Despois dalgúns meses decidiu pedirlle perdón. Buscouna, mais xa era tarde. Xa era nai e o seu marido mirouno con mala cara. Dende entón, Kamil só amaba de xeito platónico e moi de vez en cando [...].

Suchý Jiří, *Cen contos, ou sexa, un plan incumprido*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2000

### Actividades propostas

- S2.** Lea o texto. Identifique agora algúns dos elementos que favorecen a súa cohesión textual e anóteos: pronomes, sinónimos, expresións explicativas, xerundios e participios.
- Subliñe os pronomes que aparecen neste fragmento: *Ao principio baixaba os ollos diante dela pero, máis tarde, esa timidez desapareceu e as cousas entre eles chegaron ata tal punto que lle mercou caramelos.*
  - Tamén se utiliza no texto a elipse, é dicir, non utilizar palabras que se sobreentenden, nomeadamente o suxeito dos verbos. Localice aquí as elipses: *Afastábase da sociedade pero cando podía, axudaba aos demais.* Quen se afastaba e axudaba aos demais?
- S3.** Redacte un texto de intención literaria (narrativo) mantendo a cohesión textual e utilizando os datos que se lle indican. A extensión máxima é unha cara dun folio; pode redactalo en galego ou en castelán, en soporte dixital.
- Tema: chegou tarde.
  - A onde?: á empresa en que traballa (mais de noite a empresa non abre).
  - Quen?: Xaime.
  - Que sucedeu?: caeulle un lóstrego; dúas persoas foron testemuñas do milagre, pois Xaime segue vivo; as testemuñas e Xaime comezan unha pelexa.
  - Onde?: na periferia da cidade, ás tres da madrugada.


## 2.4 Presentación de textos escritos en soporte impreso e dixital (aspectos teóricos)

Un bo texto é aquel que recolle perfectamente os contidos aos que ten que facer referencia e que ten unha presentación ordenada, limpa e atractiva. Pense que debe haber un equilibrio entre o contido do texto e a súa presentación, o aspecto externo é un factor que, sen dúbida, ha favorecer a comunicación e ha beneficiar a súa cualificación.

A adecuada presentación do texto escrito implica unha serie de elementos que deben organizarse dunha maneira comunmente aceptada. Agora estudaremos eses aspectos formais que deberá ter en conta para a presentación dos seus traballos.

**Deseño de páxina:** tipo de papel, marxes, espazamento entre liñas, xustificación e confección do parágrafo

- **Tipo e orientación do papel:** o primeiro que ten que decidir é o tipo de papel que vai empregar. A non ser que o seu texto requira un tipo de soporte especial, o normal é empregar un tamaño de papel DIN A4 (210 x 297 mm) con orientación vertical. Tamén se pode utilizar a orientación horizontal, mais non se debe abusar deste recurso, pois obriga o lector a estar modificando a posición para a súa lectura, o que resulta incómodo. Normalmente, emprégase papel de 0,80 gramos. O seu grosor faino máis cómodo, pois soporta moi ben tanto a escrita á man como a impresión, aínda que se poden usar papeis doutro peso.
- **Tamaño:** o de todas as follas que ocupe o texto debe ser igual, mais no caso de que ese texto sexa un traballo académico e leve portada e contraportada, estas dúas páxinas si que poden ser uns milímetros máis grandes que o resto.
- **Marxes:** para a correcta presentación do traballo é moi importante prestar atención ás marxes. Para un tamaño DIN A4 as marxes superior e inferior poden ser de 2,5 cm, e a esquerda e dereita de 3 cm. Se vai encadernar o seu traballo cunha espiral ou con calquera outro medio, pode deixar unha marxe un pouco maior á esquerda. Daquela, logo de encadernado, a marxe visible ha ser igual aos dous lados do papel. Por exemplo, pode elixir 3,5 para a marxe esquerda.



- **Espazamento entre liñas:** é o espazo vertical que se establece para separar as liñas de texto. Os máis usados son o sinxelo, o de 1,5 liñas e o dobre. O normal é establecer un espazamento sinxelo, que se adapta ao tamaño de fonte (tipo de letra) utilizado. Tamén podemos usar un espazamento de 1,5 liñas, equivalente a 1,5 veces o sinxelo. Ou en determinadas ocasións un espazamento dobre, que duplica o sinxelo.

O espazamento sempre está en relación co tamaño de letra usado.

Vexamos uns exemplos de espazamento entre liñas:

– *Espazamento sinxelo.*

*Kamil Moravék era máis ben unha persoa introvertida. Afastábase da sociedade pero cando podía, axudaba aos demais. Unha vez incluso namorou. Dunha loura. Ao principio baixaba os ollos diante dela pero, máis tarde, esa timidez desapareceu e as cousas entre eles chegaron ata tal punto que lle mercou caramelos.*

– *Espazamento de 1,5 liñas.*

*Kamil Moravék era máis ben unha persoa introvertida. Afastábase da sociedade pero cando podía, axudaba aos demais. Unha vez incluso namorou. Dunha loura. Ao principio baixaba os ollos diante dela pero, máis tarde, esa timidez desapareceu e as cousas entre eles chegaron ata tal punto que lle mercou caramelos.*

– *Espazamento dobre.*

*Kamil Moravék era máis ben unha persoa introvertida. Afastábase da sociedade pero cando podía, axudaba aos demais. Unha vez incluso namorou. Dunha loura. Ao principio baixaba os ollos diante dela pero, máis tarde, esa timidez desapareceu e as cousas entre eles chegaron ata tal punto que lle mercou caramelos.*

Logo de ver os exemplos, decatarse de que o normal e máis correcto para a presentación dos seus textos e traballos é o espazamento sinxelo (pode usar o de 1,5 liñas ou o dobre para a confección de títulos e subtítulos).

■ **A xustificación:** é a disposición do texto na liña en relación coas marxes. Hai catro tipos de xustificación: esquerda, dereita, centrada e completa.

– *Esquerda:* neste tipo de xustificación aparecen ao final da liña, á dereita, espazos en branco que varían segundo a lonxitude do texto e dá a sensación de que falta texto para completar as liñas. Este tipo de xustificación reflicte a escrita manual.

*Kamil Moravék era máis ben unha persoa introvertida. Afastábase da sociedade pero cando podía, axudaba aos demais. Unha vez incluso namorou. Dunha loura. Ao principio baixaba os ollos diante dela pero, máis tarde, esa timidez desapareceu e as cousas entre eles chegaron ata tal punto que lle mercou caramelos.*

– *Dereita:* este tipo de xustificación é bastante habitual en trípticos ou noutro tipo de textos publicitarios para facilitar a inserción de imaxes. O seu emprego resulta artificial para un tipo de texto de carácter formal.

*Kamil Moravék era máis ben unha persoa introvertida. Afastábase da sociedade pero cando podía, axudaba aos demais. Unha vez incluso namorou. Dunha loura. Ao principio baixaba os ollos diante dela pero, máis tarde, esa timidez desapareceu e as cousas entre eles chegaron ata tal punto que lle mercou caramelos.*

– *Centrada:* úsase en textos de creación, normalmente líricos.

*Kamil Moravék era máis ben unha persoa introvertida. Afastábase da sociedade pero cando podía, axudaba aos demais. Unha vez incluso namorou. Dunha loura. Ao principio baixaba os ollos diante dela pero, máis tarde, esa timidez desapareceu e as cousas entre eles chegaron ata tal punto que lle mercou caramelos.*

- *Completa*: é a que produce un efecto estético máis agradable. Xa que logo, é a máis recomendable para aplicala nun texto ou traballo que faga.

*Kamil Moravék era máis ben unha persoa introvertida. Afastábase da sociedade pero cando podía, axudaba aos demais. Unha vez incluso namorou. Dunha loura. Ao principio baixaba os ollos diante dela pero, máis tarde, esa timidez desapareceu e as cousas entre eles chegaron ata tal punto que lle mercou caramelos.*

- **A confección do parágrafo**: o normal é que a primeira liña do parágrafo (excepto no primeiro parágrafo) posúa unha *sangría*. Isto significa que a primeira liña comeza un pouco metida á dereita, o que non debe ser inferior a tres espazos.

Tamén é normal (aínda que non sempre se produce) que entre cada parágrafo se estableza unha maior separación que entre as liñas.

*Durante algún tempo, namorouse de Kamil Morávek a loura que vivía enfronte. Amosáballe o seu agarimo e fixolle perder a cabeza.*

*Un día intentou apertalo pero Kamil ceibouse dela, fuxiu á súa casa, pechouse e tirou dos pelos porque a loura de enfronte lle gustaba moito.*

*Despois dalgúns meses decidiu pedirlle perdón. Buscouna, mais xa era tarde. Xa era nai e o seu marido mirouno con mala cara. Desde entón, Kamil só amaba de xeito platónico e moi de vez en cando.*

[...]

## Actividades propostas

- S4. Revise o texto que creou na actividade anterior e mire se a súa presentación segue os parámetros establecidos no texto teórico que acaba de ler. Se non é así, corrixa o aspecto formal do texto modificando o necesario: marxes, parágrafos, espazamento de liñas, xustificación... Cando remate de corrixilo, imprímao.
- S5. Acceda á Biblioteca Virtual Galega [<http://bvq.udc.es/index.jsp>] e faga o seguinte:
  - Pinche na opción *Obras dispoñibles para lectura*.
  - Deseguido, pinche na opción *Títulos de narrativa*.
  - Busque o seguinte autor: *Reigosa, Carlos G.*
  - Pinche na obra do autor que leva por título *Crime en Compostela*.
  - Agora pinche no recadro verde a carón da palabra *texto* que ten nesta pantalla actual e vexa detidamente o documento.
  - Describa o deseño de páxina que ten diante tendo en conta o lido no texto teórico: orientación do papel, marxes, espazamento, tipo de xustificación e confección do parágrafo.



## Coñecemento da lingua

### 2.5 Normas ortográficas: uso do *h*

O *h* é un signo ortográfico que non representa ningún son, pero mantense na lingua escrita, en posición inicial, en interior ou final de palabra (*horta, prohibir, oh, ah*).

- Escríbense con *h* todas as formas dos seguintes verbos e derivados: *haber, habitar, herdar, honrar, hospedar e humillar*. Exemplos: *había, haberes, habitamos, habitante, hai, herdanza, herdarán, honradez, honrarían, hospedara, hospedaxe, humillante,...*
- Escríbense con *h* os seguintes prefixos:

- Hecto-: hectolitro...

- Hemero-: hemeroteca...

- Hemi-: hemisferio, hemiplexia...

- Hemo-: hemofilia, hemorraxia...

- Hepta-: heptasilabo...

- Hetero-: heterosexual...

- Hexa-: hexágono...

- Hidro-: hidróxeno, hidrografía...

- Hiper-: hipermercado, hipermetropía...

- Hipo-: hipódromo...

- Homo-: homosexual, homoxéneo...

- As seguintes palabras que levan o *h* intercalado: *adherir, adhesivo, anhídrido, coherente, cohibir, deshidratado, deshonesto, deshonra, exhausto, exhibir, exhortar, inhábil, inhumano, prohibir, rehabilitar, vehículo...*
- Por motivos etimolóxicos escríbense con *h* palabras como *harmonía, hasta e helmo*.
- Tamén por razóns etimolóxicas non levan *h* palabras como: *aí, ¡ala!, ¡ola!, baía, ermida, irmán, inchar, ombro, orfo, oso, ovo, úmero...*

#### Actividades propostas

- S6.** Busque no dicionario e escriba dúas palabras que levan os seguintes prefixos:  
halo-; hecto-; heli-; hemat-; hemi-; hepat-; hepta-; hetero-; hexa-; hidro-; hipno-; hipo-; homo-
- S7.** Escriba dúas palabras derivadas das seguintes (pode consultar o dicionario);  
adherir; hábil; habitar; hábito; harmonía; herba; heroe; historia; hora; humano-; humidade
- S8.** Complete as frases que veñen a continuación colocando as seguintes palabras no lugar que lles corresponda: *hipódromo, inhumano, exhausto, ermida, inchei, aí, orfos, ola!*
- [ ] balsa e agora estou [ ].
  - Atoparémonos [ ], na porta da [ ].
  - É [ ] non axudar aos [ ].
  - [ ]! Pedro, queres vir comigo ao [ ]?

Pode reforzar e ampliar o uso do *h* realizando as actividades propostas nestas direccións

- [<http://centros.edu.xunta.es/iespintorcolmeiro/galego/exercicios.htm>]
- [<http://enredandocoaspalabras.blogspot.com/search/label/Ortograf%C3%ADa>]
- [[http://www.ogalego.eu/exercicios\\_de\\_lingua/exercicios/ortografia.htm](http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/ortografia.htm)]

## 2.6 A formación de palabras. Composición e derivación (aspectos teóricos)

O léxico non é inalterable nin fixo; ao longo do tempo vai experimentando transformacións. Hai palabras que deixan de utilizarse, outras evolucionan e modificanse, e tamén se incorporan palabras novas.

Para a formación de palabras novas a partir das xa existentes hai tres procedementos: derivación, composición e parasíntese. Nós imos centrarnos nos dous primeiros: derivación e composición.

- **Derivación.** Fíxese neste grupo de palabras: *pan, panadeiro, panadaría, empanar, empanada, panificadora...*

Como ve, todas elas teñen unha parte común (*pan*) que é o seu lexema ou raíz. As demais palabras formáronse engadindo a este lexema prefixos (se van diante) e sufixos (se van detrás). A derivación é un procedemento de formación de palabras consistente en engadirlle a un lexema prefixos e sufixos.

- **Composición.** Fíxese agora na formación destoutro grupo de palabras:

- *Xordo + mudo = xordomudo*
- *Tapa + cubos = tapacubos*
- *Afia + lapis = afialapis*

A composición é un procedemento de formación de palabras novas consistente na unión de dúas ou máis palabras.

- **Familia léxica.** Todas as palabras que teñen un mesmo lexema e, polo tanto, unha parte do seu significado é común, forman unha familia léxica. Exemplo: *pan, panadeiro, panadaría, empanar, empanada, panificadora...*

Ás veces, dentro da mesma familia léxica aparecen palabras con lexemas diferentes, porque un é de orixe culta e outro non. Así, por exemplo, a familia léxica de *oito* está formada, entre outras palabras, por: *oito, oitenta, oitocentos, octoxenario, octógono*, etc. Todas estas palabras teñen que ver co significado *oito*, pero unhas proceden da palabra patrimonial galega (*oito* → *oitenta, oitocentos*) e outras directamente do lexema latino *octo-*, que tamén significa *oito* nesa lingua (*octoxenario, octógono*).

### Derivación: prefixos

Como dixemos, os prefixos colócanse diante do lexema para formar palabras novas. A continuación citamos algúns prefixos e o seu significado.

Prefixo	Significado	Exemplos
▪ a-	– Negación, privación	<i>Amoral, ateo</i>
▪ bi-	– Dúas veces, dous	<i>Bilingüe, bigamo</i>
▪ biblio-	– Relacionado cos libros	<i>Bibliografía, biblioteca</i>
▪ pre-	– Anterioridade	<i>Predicir, prehistoria</i>
▪ re-	– Repetición	<i>Refacer, retorcer</i>
▪ tri-	– Tres veces, tres	<i>Trimestre, tripode</i>

## Derivación: sufixos

Lembre que os sufixos van detrás do lexema para formar palabras novas. A continuación citamos algúns sufixos galegos e o seu significado.

Sufixo	Significado	Exemplos
▪ -ame	– Conxunto de	<i>Dentame, enxame</i>
▪ -edo	– Colectivo	<i>Arboredo</i>
▪ -aría	– Lugar	<i>Panadaría, confeíaería</i>
▪ -án	– Profesións	<i>Tecelán, artesán</i>

Tamén son sufixos de uso moi frecuente os seguintes:

▪ Para expresar diminución (diminutivo):

- -iño/a    ⇨    *rapaciña*
- -echo/a   ⇨    *gordecho*
- -elo/a    ⇨    *cadelo*
- -ete/a    ⇨    *banqueta*

▪ Para expresar aumento (aumentativo):

- -ón/ona   ⇨    *mullerona*
- -azo/a    ⇨    *cochazo*

▪ Para expresar desprezo (despectivo):

- -aco/a    ⇨    *paxarraco*
- -acho/a   ⇨    *fiacho*
- -exo      ⇨    *lugarexo*
- -uco/a    ⇨    *casuca*
- -ucho/a   ⇨    *cuartucho*
- -allo/a   ⇨    *espantallo*
- -oupo/a   ⇨    *casoupa*

## Cambio de categoría gramatical

Na formación de palabras por derivación sucede con frecuencia que, ao lle engadir ao lexema sufixos ou prefixos, se obteñen palabras de distinta categoría gramatical pertencentes todas elas á mesma familia léxica. Fíxese nos exemplos:

Substantivo	Adxectivo	Verbo
▪ Pan	– Empanado	Empanar
▪ Conversa	– Conversador	Conversar
▪ Lousa	– Lousado	Lousar

## 2.7 No lugar equivocado no momento xusto

Empecei a experimentar Palestina xa no propio avión. Ao facer escala en Barcelona un pasaxeiro israelí esixiu que o cambiásemos de asento porque de repente se atopara rodeado de viaxeiros que falaban o árabe. Logo, sobrevoando Sicilia, unha muller palestina suscitou unha pequena alarma ao pedir un coitelo para pelar unha mazá; e a dez mil metros sobre Chipre foron uns xudeus arxentinos quen se enfureceron ata ameazar cun motín se non se lles proporcionaba unha cea kosher. Ninguén parecía ir cómodo naquel avión, e isto debía servirme de advertencia.

Tampouco ía eu demasiado cómodo, xa postos. O viño que servían de aperitivo deume dor de cabeza e, ao chegar, o noso voo coincidiu con tres jumbos procedentes de Nova York cargados de centos de ultraortodoxos, con hashidim que, coma unha marea negra de sombreiros nos inundaban o vestíbulo do aeroporto e facían imposible chegar ata a aduana.

Este era o aeroporto Ben-Gurion...

Todos os aeroportos son lugares en certo modo máxicos. Un chega polo ceo e marcha polo ceo. Polo menos a maior parte das veces. Pero o aeroporto internacional Ben-Gurion, preto de Tel Aviv, é máxico se cadra noutro senso: é un lugar polo que osman as pantasma.

Miguel Anxo Murado, Fin de século en Palestina Galaxia, 2008, Vigo

### Actividades propostas

#### S9. Lea o texto e conteste ás seguintes cuestións:

- Mediante a adición de sufixos e prefixos escriba palabras que pertencen á familia léxica destas que aparecen no texto (se o necesita, realice o exercicio coa axuda dun dicionario, que poderá atopar en calquera biblioteca ou en internet en: <http://www.edu.xunta.es/diccionarios/index.html>).

<ul style="list-style-type: none"> <li>Coitelo</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>Enfureceron</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>Cómodo</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>Asento</li> </ul>	

- Que significado teñen os seguintes prefixos destas palabras extraídas do texto?

<ul style="list-style-type: none"> <li>Ultraortodoxo</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>Internacional</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>Sobrevoando</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>Aeroporto</li> </ul>	

- Diga a que categoría gramatical pertence cada unha das seguintes palabras (as da columna esquerda están extraídas do texto).

<ul style="list-style-type: none"> <li>Experimentar:</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Experimento:</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Experimentado:</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Motín:</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Amotinado:</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Amotinar:</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Dor:</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Doente:</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Doído:</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Viaxeiro:</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Viaxar:</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Viaxe:</li> </ul>

- S10.** Elabore un pequeno texto en galego coa familia léxica de local: *localidade, localización, localizar, ilocalizable...*
- S11.** Nas dúas linguas do ámbito existen tamén as chamadas *familias léxicas irregulares*, é dicir, que teñen diferente raíz. Exemplos: en castelán: *oculista, ojo, oftalmólogo...*; en galego: *oito, oitenta, oitocentos, octoxenario, octógono...* Indique dous exemplos máis de familias léxicas irregulares.

Pode reforzar e ampliar o referente á formación de palabras e familias léxicas facendo as actividades propostas nesta dirección de internet:

- [[http://www.ogalego.eu/exercicios\\_de\\_lingua/exercicios/lexico/lexico1.htm](http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/lexico/lexico1.htm)]

## 2.8 Funcionamento sintáctico do verbo. Suxeito e complementos (aspectos teóricos)

### Suxeito

Na oración gramatical, o suxeito é un substantivo ou pronome que concorda en número e persoa co verbo que acompaña; sintacticamente é o que realiza a acción indicada polo verbo. Para recoñecer o suxeito débese preguntarse ao verbo *quen* realiza a acción indicada por este:

*Os autobuses pararon pola folga. Quen parou pola folga?: os autobuses.*

<u>Os autobuses pararon pola folga</u>	
Suxeito	Predicado

### Predicado

O predicado é o que se di do suxeito. Sintacticamente o verbo é a única palabra que pode realizar a función de núcleo do predicado. Pode estar formado unicamente por un verbo ou por un verbo máis unha serie de elementos que o acompañan, os complementos.

### Os complementos máis importantes

- **Complemento directo (CD):** é un complemento que obrigatoriamente deben levar os verbos transitivos para completar o seu significado (*eu teño un automóbil*). O CD non leva preposición excepto cando é un nome propio ou un pronome (*vin a Inés*).  
Para recoñecer o CD dun verbo débese preguntarse a este *que ou que é o amado, querido, regalado...* Pódese substituír polos pronomes persoais átonos de CD (ver punto 2.16.1 da unidade 4, bloque 2 do módulo I). Exemplo: *Eu teño unha casa/Eu téñoa.*
- **Complemento indirecto (CI):** é a persoa ou cousa que recibe o dano ou proveito da acción verbal (*eu escribo cartas a Xabier*). Sempre leva preposición, normalmente *a*.  
Para recoñecer o CI dun verbo débese preguntarse a este *a quen* ou *para quen* vai dirixida a acción que indique o verbo. Pódese substituír polos pronomes persoais átonos de CI (ver punto 2.16.1 da unidade 4, bloque 2 do módulo I). Exemplo: *Eu escribo unha carta a Antía/Eu escribolle unha carta.*
- **O complemento circunstancial (CC):** expresa as circunstancias en que se desenvolve a acción do verbo (*Mañá vou ao banco*). Ao ser un complemento opcional, para recoñecelo chega con comprobar se ao eliminalo da oración esta segue a conservar o seu significado esencial. Ademais non concorda con ningún elemento da oración.
- **Atributo (Atr.):** é un complemento que normalmente aparece cos chamados verbos copulativos (*ser, estar, parecer e semellar*). Exemplos: María está enferma; O viaxeiro parecía canso.

### Outros complementos

- **Complemento de réxime preposicional (ou suplemento):** é un complemento esixido por determinados verbos e introducido por unha preposición (por calquera, ata *a*).

Para recoñecer o complemento de réxime preposicional dun verbo débese substituír ese complemento de réxime por un pronome tónico (ver punto 2.16 da unidade 4, bloque 2 do módulo I) precedido de preposición (*acórdome de Pedro/acórdome del*). Se a substitución non é posible significa que non se dá un complemento de réxime preposicional.

- **Complemento axente** (Cax.): este complemento aparece nas oracións en voz pasiva e indica quen realiza a acción do verbo. Exemplo: *A estación foi inaugurada polas autoridades; Os mariñeiros foron rescatados por un gardacostas.*
- **Complemento predicativo** (CPvo): complementa o verbo, o suxeito e o complemento directo (*Xela durmiu tranquila toda a noite*). Para recoñecelo debemos ter en conta que é unha función realizada por adxectivos e que responde á cuestión *Como?* feita ao verbo: *Como durmiu Xela? tranquila*. Ademais o CPvo concorda co suxeito ou co CD. (non confundir co complemento circunstancial de modo, onde quen responde á pregunta *como* é un adverbio, non un adxectivo).

## 2.9 Amor dos quince anos, Marilyn

María agardou, coa cara pegada aos vidros da fiestra, ata que o coche do policía se perdeu na última volta da estrada e desapareceu da súa vista. Logo, afastouse da ventá, recolleu a cafeteira e as tazas que había encol da mesa, e levou todo ata o vertedoiro da cociña. Aínda estaba en tensión, despois daquela entrevista na que fixera esforzos por aparentar unha normalidade que distaba moito de sentir. Tiña a seguridade de que o inspector non sospeitara nada, de que marchara coa sensación de ter perdido o tempo, logo dun diálogo cheo de preguntas e respostas previsibles. Pero temía que Xoán, o seu home, reparara nalgún detalle que o fixese sospeitar e o levase a continuar coa conversa, aproveitando calquera pretexto.

Mentres lavaba as tazas, os pratinos e as culleriñas, e secaba todo meticulosamente, lembrou o xogo de preguntas e respostas que se acababa de producir entre ela e mais o policía. As palabras volvían agora á súa mente, coma se lle quedasen gravadas no cerebro e unha forza a obrigara a reproducilas, quizais para comprobar se houbera algún fallo ou algunha contradición que a delatase nas súas respostas [...].

Fernández Paz, Agustín, *Amor dos quince anos, Marilyn*, Xerais, Vigo, 1995.

### Actividades propostas

#### S12. Lea o texto detidamente e responda ás cuestións:

- Nas seguintes oracións tomadas do texto, subliñe con cores diferentes o suxeito, o predicado e os núcleos verbais de cada predicado.
  - *María agardou.*
  - *O coche do policía perdeuse na última volta da estrada.*
  - *O inspector non sospeitara nada.*
  - *As palabras volvían agora á súa mente.*
- Nas seguintes oracións do texto localice e subliñe os complementos que forman parte do predicado e diga que tipo de complementos son.
  - *María recolleu a cafeteira e as cuncas.*
  - *Lembrou o xogo de preguntas e respostas.*
  - *Afastouse da ventá.*

#### S13. Nas seguintes oracións diga que función desempeña o pronome átono subliñado (CD ou CI):

- *Quérote moito.*
- *Non me trouxo o encargo.*
- *Cada bocado que traga sábelles aínda peor.*
- *Xan viuno en clase.*

#### S14. Nas seguintes oracións localice os complementos circunstanciais.

- *Lavei a roupa coas mans.*
- *Mañá irei ao cine con Ana.*
- *Onte cheguei tarde ao traballo.*
- *Merquei o coche con tres mil euros.*

**S15.** Subliñe o atributo nas seguintes oracións.

- *O neno estaba peiteado.*
- *O home estaba espido.*
- *Aquela muller era ferrolá*
- *A cantante estaba afónica.*

Pode atopar máis exercicios nesta páxina:

- [[http://www.ogalego.eu/exercicios\\_de\\_lingua/morfologiaexercicios.html](http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/morfologiaexercicios.html)]



### 2.10 Cine e literatura

Desde a súa aparición a finais do século XIX, o cine inspirouse nas novelas para a realización de películas e aínda que literatura e cinematografía son dous xéneros diferentes, teñen en común que ambos presentan unha historia con personaxes, diálogo e acción. O que os diferencia principalmente é a maneira en que se consumen: a novela, en solitario, imaxinando o lector escenas e personaxes. O cine, normalmente en grupo, con imáxenes e sons fabricados por outras persoas. Os dous, cine e literatura, influíronse un ao outro: o cine toma historias da literatura e adáptaa; un guión cinematográfico é un instrumento literario. En canto á literatura, hai que sinalar que a estrutura narrativa de moitos autores contemporáneos copia o estilo cinematográfico: as frases curtas e directas ou a forma de ver aos personaxes, como se moven e o seu entorno.

A adaptación dunha novela a guión cinematográfico comporta unha serie de transformacións. Así, a novela consta do **relato** dos feitos, do **diálogo** (directo ou indirecto), das **descricións** e dos **retratos**. O guión cinematográfico consta dos **pa-peis** ou designacións dos personaxes, as **réplicas** (diálogos) e das **didascalias** (indicacións sobre o decorado, as accións, o ton...o que en teatro chámase anotacións).

E. Coromimas, C. Rubio, *Técnicas de escritura*, editorial Teide, 1989 (adaptación).

#### Actividades propostas

A curtametraxe do apartado de comunicación oral está baseada nun relato de Castelao titulado *Unha rúa nun porto lonxano*, do seu libro *Cousas*. Pode achegarse a unha biblioteca para ler o relato ou acceder a algún destes enderezos de internet:

- [<http://asvanguardas.blogspot.com/2008/03/unha-ra-nun-porto-lonxano.html>]
- [<http://manuelrivas.com/cousas/unha-rua-nun-porto-lonxano/>]
- [<http://www.blogoteca.com/literalingua/index.php?cod=80658>]

**S16.** Que diferenzas atopa na curtametraxe con respecto ao relato de Castelao?

### 2.11 A descrición. Os textos descritivos (aspectos teóricos)

A descrición consiste na representación mediante a linguaxe de persoas, lugares, obxectos ou procesos. Cando queremos falar sobre como é unha persoa (o seu aspecto físico, a súa psicoloxía, etc.), un animal (se é carnívoro, omnívoro, a cor da súa pel, etc.) ou un obxecto inanimado (grande, pequeno, cadrado ou circular) realizamos a súa descrición. Nelas empregamos sobre todo unha clase de palabras, o adxectivo, que nos permite expresar as calidades dese obxecto ou desa persoa.

#### Tipos de descrición

- **Retrato:** é a caracterización física e moral dun personaxe, normalmente encadrado no seu tempo e lugar.
- **Descrición topográfica:** é a descrición de lugares e ambientes. Adoita ter moita importancia nos relatos literarios.
- **Anuncio:** estamos diante doutro tipo especial de descrición que se caracteriza por describir dun modo máis implícito ou suxerido que de forma expresa. O seu propósito é persuasivo, é dicir, orientar o comprador cara a un determinado artigo.

#### Características dos textos descritivos

- A descrición organízase seguindo un criterio, que pode ser espacial: de arriba a abaixo, de dereita a esquerda, etc.
- Uso de substantivos pertencentes ao mesmo campo semántico.
- Uso frecuente de adxectivos.
- Uso de verbos en presente e en pretérito.

## 2.12 O río Tins

Este río é o máis importante do concello, non tanto pola súa lonxitude, igual que o Donas, nin polo seu caudal, o maior de todos os que percorren Outes, senón por ser o que articula o seu territorio.

